



ORDENANZA FISCAL NÚMERO 23

REGULADORA DA TAXA POR UTILIZAZÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Artigo 1. FUNDAMENTO E REXIMEN

Este Concello, conforme ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Rexime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4, ou) da Lei 39/88 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establece a taxa pola utilizazón de instalacións deportivas, que se regulará pola presente Ordenanza, redixidas conforme ao disposto no artigo 16 da Lei 39/88 citada.

Artigo 2. FEITO IMPONIBLE

Constitue o feito imponible da taxa a utilización de pistas e instalacións deportivas municipais de xestión directa, así como a emprestación dos servizos de que están dotadas as citadas instalacións.

Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados ao pago as persoas naturais usuárias das instalacións

Artigo 4. DEVENGO

A obriga de contribuir nace desde que a utilización se inicie mediante a entrada ao recinto, previo pago da taxa

Artigo 5. BASE IMPONIBLE

Se tomará como base do presente tributo o número de horas de utilización das pistas

Artigo 6. CUOTA TRIBUTARIA

A cuantía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada na seguinte tarifa:

UTILIZACIÓN DE PISTAS DEPORTIVAS..... 13,70 EUROS

En dito prezo enténdese incluído o desfrute do resto de instalacións, tais como duchas, vestiários, etc.

Artigo 7. NORMAS DE XESTION

A utilización de pistas e instalacións municipais será previa solicitude e autorización da Xunta de Goberno Local, nacendo en dito momento a obriga de pago.

O pago se efectuará no momento de entrar ao recinto do pavillón polideportivo, contra recibo presentado ao cobro por o persoal municipal.

Nas instalacións deportivas tanto de propiedade Municipal como nas concertadas e cedidas temporalmente por outras entidades, utilizaranse so para actividades deportivas e ocasionalmente para algún acto de carácter cultural.

A fin de promover a práctica deportiva neste Municipio entre os escolares e xoves, establececen-se as seguintes exencións no pago do prezo público:

a favor dos alumnos dos centros de Educación Primaria, Instituto de Ensino Secundario deste Municipio, sempre e cando a utilización das pistas se realice como colectivos académicos e non a título persoal.

A favor das seguintes escolas existentes no Municipio de Viveiro:

Escola de Baloncesto

Escola de Balonmano

Escola de Fútbol-Sala

A favor de clubs federados radicantes neste Municipio



Artigo 9. ESCOLAS DEPORTIVAS

Dentro da promoción do deporte en idade escolar, o Concello poderá ofertar diversos servizos tais como Escolas Deportivas, Escolas de Verán, Ximnásia de Mantemento, etc, que deberán ser reguladas por bases específicas para cada actividade e aprobadas polo Pleno, onde se especificará a cuota de inscrición.

Escolas Desportivas	3,42 € por alumno
Escola Natación	5,71 € por alumno
Ximnásia Mantemento	20,56 € por alumno
Escola de Tenis(Base)	11,98 € 1 día (2 irmáns 19,03 € total) (3 irmáns 23,50 € total)
	17,35 € 2 días (2 irmáns 28,54 € total) (3 irmáns 35,81 € total)
	19,41 € 3 días

Artigo 10. PUBLICIDADE

Darase un prazo de 3 meses para que todos aqueles clubs deportivos que dispoñen de publicidade fixa nos recintos municipais adapten e reconvirtan en móbil, debendo cada clube colocala nos seus eventos e unha vez rematados os mesmos procedan a retirá-la .

O Concello se reserva o dereito de poder colocar publicidade institucional ou concertada con outras firmas comerciais, xa sexa fixa ou móbil dentro dos recintos deportivos.

Artigo 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais previsto nesta Ordenanza, se estará ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.